



## AXUDAS ENERXIA RENOVABLES DE USO TERMICO PARA PARTICULARES IN421P

DOG 10 do 18/01/2021 Resolución 28/12/2021. INEGA.

**DATA REMATE: 01/07/2021**

### **Contía da Subvención:**

Ata 50% agás proxectos xeotermia que será dun maximo do 30%. Maximo 60.000€ por proxecto. Maximo de investimento por vivenda de 1200€ para xeotermia, 6000€ para aerotermia e 6000€ para solar termica

### **Beneficiarios:**

As persoas físicas titulares de calquera dereito sobre un inmovible de dereito residencial ou as comunidades e mancomunidades de veciños, para actuacións en vivendas ou edificios do sector residencial de Galicia. Así mesmo, as agrupacións de persoas físicas, privadas sen personalidade. AS SOLICITUDES PRESENTARANSE NAS ENTIDADES COLABORADORAS.

Para instalacións xeración de enerxía térmica mediante biomasa, e outras instalacións de enerxías renovables de xeotermia, aerotermia ou a solar térmica.

### **Requisitos Beneficiarios:**

os proxectos de BIOMASA que se subvencionarán grupo A1 estufas de aire, cociñas calefactoras; A2 cambio de queimadores existentes que non sexan de biomasa. Grupo B1 equipamentos térmicos sen sistema de alimentación automática ou volume de acumulación de combustible  $V < 250$  litros e tamén os proxectos de biomasa dos grupos B2 e B3 (grupo B2 caldeiras con sistemas de alimentación automática e volume de acumulación de combustible  $V \geq 250$  litros e  $V < 1.000$  litros e B3 caldeiras con sistema de alimentación automática e volume de acumulación de combustible  $V \geq 1.000$  litros), que se desenvolvan en zonas densamente poboadas.

### **Conceptos Subvencionables:**

O equipamento principal (paneis solares térmicos, bomba de calor, caldeira...). No caso da biomasa, o custo do equipamento térmico e os seus accesorios principais (sistema de regulación e control, sistemas de limpeza, depuración de fumes, extracción de cinzas). Resto de accesorios da instalación para o correcto funcionamento do sistema. O custo do sistema de almacenamento do combustible. O custo do sistema de alimentación do combustible. O custo de montaxe e conexión. No caso da enerxía xeotérmica, o sistema de captación do recurso xeotérmico: sondaxes, intercambiadores, acumuladores, tubaxes, etc. Só GASTOS REALIZADOS despois da presentación de solicitude



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
A CORUÑA

Praza de Insuela S/N  
15123 - CAMARIÑAS  
981 737004 Fax: 981 736199  
mjimenez.desenvolvemento@camarinas.net  
www.camarinas.net

